

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA INIBIC PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN *"INCORPORACIÓN DA INFORMACIÓN CLÍNICA DE ATENCIÓN PRIMARIA E HOSPITALARIA NA COHORTE IMPaCT: PROXECTO IMPACT-IC"* BAIXO O PERTE PARA A SAÚDE DE VANGARDA E NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

INTERVEÑEN

Dunha parte, don Antonio Gómez Caamaño en calidade de conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, con domicilio no Edificio Administrativo de San Lázaro, avenida de San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela (A Coruña) e NIF: Q65500006H, en virtude das facultades que lle confiren o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, así como co que dispoñen os Decretos 144/2024 e 145/2024, de 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, así como co establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E, doutra parte, don Luis Verde Remeseiro, en calidade de presidente do Padroado da Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC, en virtude do seu cargo como titular da Xerencia de Área sanitaria da Coruña e Cee, segundo se establece no artigo 22.a) dos seus estatutos, e en virtude da reunión na que tivo lugar a aceptación expresa da presidencia en data 3 de abril de 2017 do Padroado da Fundación, inscrita co nº 1991/9 do Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Consellería de Sanidade, segundo publicación no Diario Oficial de Galicia de 11 de novembro de 1991.

Ambas partes recoñécense capacidade xurídica e lexitimación suficiente para subscribir este convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Servizo Galego de Saúde é un organismo autónomo creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro e adscrito á Consellería de Sanidade, que ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia.

A súa presidencia correspóndelle á persoa titular da Consellería de Sanidade.



Segundo.- Que a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde establecen como unha das súas liñas estratéxicas a promoción da investigación, innovación e transferencia dos resultados xerados nos centros de investigación e innovación sanitaria, tales como hospitais, centros de saúde e unidades de xestión e administración.

Terceiro.- Que a Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, no artigo 131 (principios xerais), no seu apartado 1 establece que promoverá a investigación biosanitaria, como un instrumento para a mellora da saúde da poboación tendo en conta as prioridades marcadas nos plan de investigación e innovación vixentes en cada momento. Todos os centros e servizos sanitarios estarán en disposición de favorecer e desenvolver a investigación, e promoverán a cultura científica, tecnolóxica e de innovación.

Así mesmo, no apartado 2 do dito artigo, entre outros, dise que a administración sanitaria tamén promoverá a valorización, a protección e a transferencia do amplo coñecemento xerado polo seu persoal e/ou nos seus centros co obxecto de que os resultados da investigación sexan transferidos á sociedade, así como un modelo de innovación aberta orientado a impulsar a creatividade, a cooperación e a aplicación no sistema sanitario dos cambios que acheguen valor a pacientes e profesionais.

O 8 de abril de 2022 o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período e aborda a través da I+D+i grandes retos da economía e da sociedade galega. Un destes retos, co que se alíña este convenio, consiste en desenvolver un modelo de vida saudable e envellecemento activo da poboación. En relación con este reto, unha prioridade é orientar os esforzos en I+D+i cara ás necesidades e o benestar das persoas.

Cuarto.- Que a Medicina de Precisión xorde como un *"novo enfoque para o tratamento e a prevención das enfermidades, que ten en conta a variabilidade individual nos xenes, o medio ambiente e o estilo de vida de cada persoa"* (Ashley EA. The Precision Medicine Initiative: A New National Effort. JAMA 2015;313:2119–20).

Supón dispor de información xenómica e molecular a nivel individual, e ter a capacidade de integrala con información clínica, social, ambiental e de conduta, para mellorar o diagnóstico, o tratamento e/ou a capacidade de predicir ou evitar o desenvolvemento de enfermidades.

Quinto.- Que no século XXI a medicina de precisión debe incluír a prevención da enfermidade. Para previr a aparición dunha enfermidade nun individuo concreto hai que comprender a súa etioloxía, atendendo tanto a factores do propio individuo como a súa interacción coa contorna que o rodea ao longo da súa vida. Os avances tecnolóxicos abriron novas oportunidades que facilitan este enfoque personalizado, pero é necesario dispor de información dun gran número de persoas coa suficiente variabilidade e potencia de análise, xa que se trata de predicir a nivel individual e non únicamente de estimar o que lle



ocorre ao conxunto da poboación.

Que moitos países da nosa contorna contan con grandes cohortes multipropósito de voluntarios a grande escala que contan con mostras biolóxicas, fenotipado de alta calidade, con información epidemiolóxica moi ampla – incluíndo factores sociais e económicos- e seguimento a moi longo prazo, (p.ex. "Constances" en Francia ou "Nako" en Alemaña) constituíndo unha ferramenta básica para o avance científico en prevención personalizada.

O obxectivo final é unha medicina máis segura, eficiente, preventiva e predictiva, cada vez de carácter máis personalizado.

Sexto.- Que en España desenvólvese IMPaCT, Infraestrutura de Medicina de Precisión asociada á Ciencia e á Tecnoloxía, da Acción Estratéxica en Saúde 2017-2020, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación 2017-2020.

IMPaCT encádrase dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, no PERTE de saúde de vangarda, e finánciase con fondos europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR, NextgenerationEU) por medio de subvencións convocadas polo Instituto de Salud Carlos III (ISCIII) para o desenvolvemento da Medicina de Precisión.

Un dos eixos estratéxicos de IMPaCT é o Programa de Medicina Predictiva que aborda o deseño e establecemento dunha cohorte de base poboacional representativa da poboación residente en España, a súa variabilidade étnica, diversidade xeográfica e ambiental e seguimento prospectivo.

A Cohorte-IMPaCT persegue o mesmo obxectivo que as citadas cohortes europeas: unha medicina máis segura, eficiente, preventiva e predictiva, cada vez de carácter máis personalizado, considerando as especificidades nos estilos de vida e sociais, medio ambiente ou bioloxía da poboación residente en España. A través da monitorización dos participantes da cohorte no tempo, integrando os seus hábitos de vida e o seu contexto coa información xenética e os seus datos clínicos, preténdese comprender mellor o papel dos factores persoais, ambientais e contextuais e a súa interacción con trazos xenéticos complexos, na orixe e evolución das enfermidades, adaptando individualmente a predición e a prevención, no que se denomina medicina preventiva de precisión.

Para cumprir a súa misión, a cohorte ten que estender o seu recrutamento no tempo para acadar os 200.000 participantes en España e así contar coa potencia necesaria para explorar estas complexas relacións e situarse ao nivel das cohortes europeas similares.

Sétimo.- Que na convocatoria de subvencións do Instituto de Salud Carlos III do 23 de decembro de 2020 para o desenvolvemento da IMPaCT, o CIBER (Consorcio Centro de Investigación Biomédica en Rede) resultou ser a entidade beneficiaria do Programa de Medicina Predictiva segundo o proxecto Cohorte-IMPaCT con número de expediente IMP/00021.



Colaboran co CIBER no desenvolvemento da cohorte todas as comunidades e cidades autónomas. A participación do Servizo Galego de Saúde como entidade colaboradora do proxecto formalizouse a través dun convenio co CIBER, asinado con data 9 de maio de 2022, a través do cal se articula o traspaso de fondos ao Servizo Galego de Saúde e o compromiso deste de realizar as actividades asignadas na memoria do proxecto.

Para a execución das tarefas, o Servizo Galego de Saúde considerou necesario contar coas tres Fundacións Públicas de Investigación Sanitaria de Galicia, integrantes do sistema autonómico de I+D+i sanitario. As fundacións teñen como obxecto o impulso da investigación, a docencia, a formación, o desenvolvemento científico-tecnolóxico e a innovación no ámbito sanitario e en ciencias da saúde, polo que se consideran idóneas para desenvolver o proxecto e subscribíronse convenios de colaboración con cada unha delas.

Todas as actividades a desenvolver teñen como finalidade a creación da anteriormente descrita cohorte poboacional segundo os requisitos establecidas no deseño do estudo e está previsto que chegue aos 12.000 participantes na Comunidade Autónoma de Galicia. Os participantes recrútanse nas áreas sanitarias de Santiago de Compostela e Barbanza, Vigo e A Coruña e Cee, estando previsto recrutar 4000 participantes de cada unha delas.

Oitavo.- Que tras a creación e o arranque do recrutamento da Cohorte IMPaCT, que foi un proceso moi laborioso e complexo tanto dende o punto de vista documental, como operativo e funcional, facíase necesario manter os resultados obtidos e darlle continuidade no tempo ao desenvolvemento da cohorte.

Noveno.- Que o CIBER concorreu á convocatoria do Instituto de Salud Carlos III de decembro de 2022, de subvencións para Proxectos de Investigación de Medicina Personalizada de Precisión da Acción Estratéxica en Saúde 2021-2023, baixo o PERTE para a Saúde de Vangarda e con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e resultou ser a entidade beneficiaria do proxecto con número de expediente **PMP22/00003: "Saúde pública e Medicina preventiva de precisión combinando exploración física, hábitos de vida e información xenómica: monitorización da pandemia de obesidade a través de extensión de la Cohorte IMPaCT (Obes- IMPaCT)".**

Décimo.- Que co proxecto Obes-IMPACT preténdese a consolidación e a continuación do recrutamento da Cohorte-IMPACT, e incluír o estudo nos participantes da cohorte dos principais determinantes individuais e contextuais da obesidade para orientar a acción preventiva de saúde pública. Inclúe validar o risco de obesidade e adaptalo á nosa contorna e elaborar e validar modelos predictivos de obesidade xeral e metabólicamente insana útiles para clínica. Neste proxecto seguen colaborando co CIBER todas as comunidades autónomas.

Undécimo.- Que o Servizo Galego de Saúde e o CIBER subscribiron o 5 de maio de 2025 un convenio, co obxecto de articular a relación entre ambos para a distribución dos fondos con



ocasión da participación no proxecto Obes-IMPACT no que o Servizo Galego de Saúde actúa como entidade colaboradora segundo a memoria do proxecto aprobada pola entidade financiadora.

Para a execución das tarefas, conta tamén coas tres Fundacións de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Pública Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur y Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC) tendo subscritos con elas os correspondentes convenios de colaboración.

O proxecto Obes-IMPACT desenvólvese ata o 30 de xuño de 2026.

Duodécimo.- Que, na Resolución de 18 de decembro de 2024, da Dirección do ISCIII, pola que se conceden subvencións a Proxectos de Investigación Orientados á implantación de la Medicina Personalizada de Precisión, da Convocatoria 2024 de Misiões Conxuntas do Ministerio de Sanidade e do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, o CIBER resultou ser a entidade beneficiaria do proxecto con número de expediente PMP24/00012: "Incorporación da información clínica de atención primaria e hospitalaria na cohorte IMPACT: proxecto IMPACT-IC".

Esta actuación está financiada con fondos procedentes do MRR dentro do marco do dito plan na Política Panca VI "Pacto pola ciencia e a innovación. Reforzo ás capacidades do Sistema Nacional de Saúde"; Compoñente 17 "Reforma institucional e fortalecemento das capacidades do sistema nacional de ciencia, tecnoloxía e innovación"; Investimento 6 (C17.I06) "Salud"; e contribúe á consecución do fito CID nº 460 – "PERTE de Saúde de Vanguarda"

Décimo terceiro.- Que o Servizo Galego de Saúde e o CIBER subscribiron o 6 de febreiro de 2026 un convenio, co obxecto de articular a relación entre ambos para a distribución dos fondos con ocasión da participación no proxecto IMPACT-IC, no que o Servizo Galego de Saúde actúa como entidade colaboradora segundo a memoria do proxecto aprobada pola entidade financiadora.

Como nos proxectos anteriores, e dado o seu coñecemento sobre a cohorte IMPACT, para a execución das tarefas considérase necesario contar coas tres Fundacións Públicas de Investigación Sanitaria de Galicia (Fundación Pública Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur y Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC) subscribindo con elas os correspondentes convenios de colaboración.

Décimo cuarto.- Na área sanitaria de A Coruña e Cee, a Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC (en adiante FINIBIC) traballa para promover a investigación, a docencia, o desenvolvemento científico e a innovación. Para conseguilo, emprega a innovación como ferramenta para transferir os resultados da investigación á sociedade, dando apoio e



asesoramento en todas as fases da cadea de valor da investigación biomédica e da saúde en xeral, apoiando aos investigadores asociados ao Instituto de Investigación Biomédica INIBIC, nos seus grupos de Investigación, e promovendo a transferencia dos resultados obtidos na investigación científica para reverter na saúde do futuro, mantendo colaboracións estreitas e permanentes con diversos axentes dentro do tecido económico dos campos tecnolóxicos, farmacéuticos e alimentarios.

Décimo quinto.- Que o Servizo Galego de Saúde e a FINIBIC consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración para fomentar canais de comunicación comúns e apoiar o establecemento de sinerxias e aproveitamento de recursos dos axentes do sistema de divulgación do coñecemento en saúde.

Décimo sexto.- Que a través do presente convenio a FINIBIC realizará os traballos necesarios para o desenvolvemento do proxecto IMPaCT-IC na área de A Coruña.

Décimo sétimo.- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou de outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Dada a especificidade do obxecto do convenio de colaboración, non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo, debido as especiais características e singularidade da FINIBIC como centro de referencia no ámbito sanitario e en Ciencias da Saúde.

Por todo o anterior, no marco do establecido nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei e no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as partes asinantes acordan subscribir o presente convenio de colaboración para o desenvolvemento do proxecto IMPaCT-IC na área sanitaria de A Coruña pola FINIBIC, ente xestor da investigación do Sistema Público de Saúde de Galicia, de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do convenio de colaboración é a realización dun conxunto de actividades dirixidas ao desenvolvemento do proxecto IMPaCT-IC, co que se pretende o mantemento e a extensión da cohorte de base poboacional Cohorte IMPaCT na área sanitaria de A Coruña, incluíndo a incorporación ao estudo da información clínica de atención primaria e



hospitalaria dos seus participantes, mediante a definición dun modelo común de datos IMPaCT que inclúa as variables a incorporar na cohorte IMPaCT, o establecemento de procedementos de captura de datos e de estruturación e transformación dos mesmos, o tratamento dos datos para facilitar a súa explotación, e a integración dos datos obtidos na base de datos da cohorte e explotalos para xerar análises estandarizados e periódicos dos seguimentos da cohorte.

Os seus obxectivos explícitos son:

- I. Mellorar a comprensión das causas das enfermidades e condicións de saúde que son prioritarias en saúde pública, incluídos o deterioro funcional asociado á idade, as lesións e a discapacidade.
- II. Monitorizar o estado de saúde da poboación, con especial atención ás desigualdades en saúde (Saúde Pública de precisión).
- III. Predicir o risco de enfermidade e de outras condicións de saúde, incluídos o deterioro funcional asociado á idade, as lesións e a discapacidade. (Medicina Preventiva de precisión).
- IV. Identificar biomarcadores de enfermidade subclínica ou en fases iniciais, así como biomarcadores de fenotipos específicos de potencial utilidade na práctica clínica (Medicina Clínica de precisión).

Segunda.- Actividades obxecto do convenio

Tódalas actividades terán como finalidade manter e dar continuidade á Cohorte IMPaCT, segundo os requisitos establecidas no deseño do estudo, incluíndo ademais a información clínica dos participantes.

Terceira.- Condicións económicas de financiamento das axudas

Para o financiamento deste convenio está previsto un crédito por importe de corenta e sete mil cento noventa euros (47.190,00€) para a anualidade 2026 con fondos procedentes do MRR, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, con cargo á aplicación orzamentaria 5001/412B/443.25 do Servizo Galego de Saúde, na cal existe crédito axeitado e suficiente.

Os fondos non inclúen o IVE, que non se considera gasto subvencionable.

O Servizo Galego de Saúde, efectuará o pagamento anualmente do importe estipulado, previa comprobación da realización do obxecto do convenio e validada a documentación xustificativa presentada.

A axuda obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



O importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas ou ingresos non poderá superar o custo da actividade subvencionada.

Cuarta.- Redistribución de fondos

Dado que se asinan tres convenios, un con cada unha das fundacións públicas de investigación sanitaria para a realización das tarefas necesarias para o desenvolvemento do proxecto na área sanitaria do seu ámbito e que o ritmo de execución das actuacións non vai ser igual en todas elas, o Servizo Galego de Saúde poderá reaxustar o importe total concedido a cada fundación, compensándose entre elas, sempre que non se supere o importe total da axuda concedida polo CIBER ao Servizo Galego de Saúde.

A efectos de reaxustar a distribución de fondos entre as fundacións, deberanse elaborar os informes necesarios nos que se faga referencia ao estado de desenvolvemento do proxecto IMPaCT-IC en cada unha das áreas de influencia das fundacións, así como á necesidade e finalidade dos reaxustes que de ser o caso sexa necesario realizar.

Quinta.- Axudas de Estado

De acordo co disposto no artigo 2.1.1 da Comunicación da Comisión sobre o Marco de Axudas Estatais de Investigación e Desenvolvemento e Innovación (2022/ C 414/01), non se aplicará o disposto no artigo 107.1 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea á axuda prevista neste convenio, xa que se outorga a un organismo de investigación para actividades non económicas.

En aplicación do anterior, a axuda contemplada neste convenio non terá a consideración de axuda de Estado.

De acordo co disposto no parágrafo 21 do artigo 2.1.1 do Marco Comunitario cando o organismo de investigación ou a infraestrutura de investigación se utilicen case exclusivamente para unha actividade non económica, poderán quedar excluídos na súa totalidade do ámbito de aplicación do artigo 107.1 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea sempre que o seu uso económico sexa puramente accesorio, é dicir, corresponda a unha actividade que estea relacionada directamente co seu funcionamento ou sexa necesaria para o funcionamento do organismo de investigación ou a infraestrutura de investigación ou estea estreitamente vinculado ao seu principal uso non económico, e teña un alcance limitado.

Sexta.- Período de execución da actividade e prazo de xustificación

As actividades obxecto de axuda deben ser realizadas dentro do período seguinte:

Ano 2026	Dende o 1 de xullo de 2026 ata o 31 de decembro de 2026
----------	---



En todo caso, o período de realización de gastos e a realización de pagos executados pola FINIBIC, deberán terse realizado dentro do período especificado. Considérase gasto realizado o que se leve a cabo dentro do período de execución e sexa efectivamente pagado dentro do prazo para a presentación da xustificación da axuda, exceptuando aqueles gastos realizados e que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo, por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación.

O prazo de xustificación de execución do proxecto realizarase nas seguintes datas:

Ano 2026	Ata o 31 de decembro do 2026
----------	------------------------------

Transcorridos os prazos indicados sen que o beneficiario presentase a documentación solicitada, requirirase para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da axuda e á esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste parágrafo non eximirá o beneficiario das sancións que, conforme a lei, correspondan.

Sétima.- Compromisos, publicidade e autorizacións

1.A FINIBIC comprométese a:

- Desenvolver as actividades recollidas na cláusula segunda con cargo ao proxecto IMPaCT-IC.
- Por a disposición dos profesionais dos grupos de investigación vinculados ao Servizo Galego de Saúde e á FINIBIC os equipos e servizos de apoio á investigación da súa titularidade para o desenvolvemento das actuacións do presente Convenio.
- Realizar os gastos e a xustificación dos mesmos conforme ás instrucións remitidas polo Servizo Galego de Saúde e á normativa vixente en materia de fondos europeos.
- Proceder ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- Subministrar toda a información necesaria para que o Servizo Galego de Saúde poida dar cumprimento ás obrigas recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas



funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e posibilitar a inspección e control dos órganos do Servizo Galego de Saúde co gallo de supervisar o cumprimento das actividades do convenio. Ademais someterase ás actuacións de control das institucións da Unión Europea en aplicación do artigo 22.2.e) do Regulamento (UE) 2021/241.

g) Comunicar ao Servizo Galego de Saúde a concesión de calquera outra axuda concedida para o mesmo fin tan pronto se teña coñecemento da mesma.

h) Cumprir o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

i) Facerse cargo da comunicación e a publicidade asociadas ao presente proxecto IMPaCT-IC, segundo a documentación e instrucións que se establezan polo CIBER a través do Servizo Galego de Saúde.

j) Dar consentimento expreso ao Servizo Galego de Saúde para o cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, polo que a información relativa ao convenio requirida no ordinaloitavo do devandito artigo será comunicada á Base de datos nacional de subvencións (BDNS) a través da páxina web, www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index.

k) En canto as obrigas específicas por razón do financiamento do convenio con fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU:

a.- Deberá cumprir coas esixencias de información e publicidade sinaladas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. De acordo co disposto no artigo 34.2 do devandito Regulamento (UE) 2021/241, a entidade beneficiaria fará mención da orixe deste financiamento e velará por darlle visibilidade, incluído, cando cumpra, mediante o emblema da Unión Europea e unha declaración de financiamento adecuado que indique “financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU”, en particular, cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público. Deberá cumprirse tamén co establecido en materia de comunicación, información e publicidade na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, en especial co previsto no seu artigo 9. En particular, compre ter en conta a información recollida no apartado de identidade visual da web do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia <https://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual> e o Manual de comunicación para xestores e beneficiarios do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, da Secretaría General de Fondos Europeos do Ministerio de Hacienda, dispoñible na

seguinte ligazón:

<https://www.fondoseuropeos.hacienda.gob.es/sitios/dgpmrr/es-es/Documents/MANUAL%20DE%20COMUNICACI%C3%93N%20PARA%20LOS%20GESTORES%20DEL%20PLAN.pdf>

b.- Cumprir co establecido no artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, sobre a prohibición de dobre financiamento para os proxectos financiados polo MRR. O Regulamento financeiro da Unión Europea e o Regulamento do MRR amparan a complementariedade dos distintos fondos e prohiben o dobre financiamento dos mesmos gastos. En particular, o artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241 establece que as reformas e investimentos financiados co MRR poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión, sempre que a dita axuda non cubra o mesmo custo. A prevención do dobre financiamento eríxese, por tanto, nun principio transversal de obrigatoria consideración na execución do PRTR”.

c.- Conservar os documentos xustificativos, os datos estatísticos e demais documentación concernente ao financiamento, así como os rexistros e documentos en formato electrónico, durante un período de cinco anos a partir do pagamento do saldo ou, a falta do devandito pagamento, da operación. Este período será de tres anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60 000 euros (prazos e importe aplicables por remisión normativa ao artigo 133 do Regulamento Financeiro).

d.- Garantir o compromiso no cumprimento do principio horizontal de “non causar prexuízo significativo” que establece o artigo 2.6) do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, respecto dos 6 obxectivos medioambientais recollidos no artigo 5 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e definidos no Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 (Regulamento taxonomía).

Así dentro de cada actuación, avaliarase o cumprimento do principio DNSH sobre cada un dos 6 obxectivos medioambientais, segundo o definido na “Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (C/2023/111).

Pola natureza da actuación non é de aplicación o condicionado específico do principio DNSH do investimento C17.I06 no que se encadra esta actuación.

Este investimento (C17.I06) non ten asociada etiqueta verde nin dixital nos termos previstos nos artigos 2.2.b) e 4 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, con base no Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro.



2. Pola súa parte, o Servizo Galego de Saúde comprométese a:

- Facerse cargo do orzamento necesario para a execución das actividades vinculadas ao convenio conforme ás cláusulas do mesmo.
- Por a disposición dos profesionais vinculados ao proxecto IMPaCT-IC os espazos e equipos da súa titularidade necesarios para o seu desenvolvemento.
- Para dar cumprimento ao mandato establecido no artigo 22.2.d) do Regulamento (UE) 2021/241 e consonte ao artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, o Servizo Galego de Saúde recadará os seguintes datos identificativos da entidade beneficiaria:

I) NIF do beneficiario.

II) Nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica.

III) Domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.

IV) Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. (Anexo IV B da Orde HFP/1030/2021)

V) Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puideran afectar ao ámbito obxecto de xestión. (Anexo IV C da Orde HFP/1030/2021)

VI) Os beneficiarios que desenvolvan actividades económicas acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou no censo equivalente da Administración Tributaria Foral, que debe reflectir a actividade económica efectivamente desenvolvida á data de solicitude da axuda.

A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para consultar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Non obstante, a entidade beneficiaria poderá opoñerse a súa consulta polo órgano xestor, e nese caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

Oitava.- Custos subvencionables.

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo co recollido na cláusula segunda deste convenio e que sexa realizado e efectivamente pagado con anterioridade ou no mesmo día da finalización do período de xustificación indicado na cláusula sexta, exceptuando aqueles custos realizados e que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo, por axustáranse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación.



En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os custos subvencionables responderán ás seguintes categorías:

I. Custos de persoal

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Tampouco serán en ningún caso subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

CIBER, como entidade que lidera o proxecto e en base ao establecido polo Instituto de Saúde Carlos III (ISCIII), remitirá as instrucións sobre os custos subvencionables e as normas xerais de execución e xustificación económica do proxecto, que serán comúns para todas as comunidades autónomas. O Servizo Galego de Saúde remitiralle á FINIBIC esta normas para o seu cumprimento.

Novena.- Xustificación das axudas

A FINIBIC, comprométese a executar o gasto e xustificar o mesmo conforme ás normas establecidas polo Instituto de Saúde Carlos III, que lle serán remitidas polo Servizo Galego de Saúde, e á normativa vixente en materia de fondos europeos NextgenerationEU. do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Con carácter xeral, deberá aportar no prazo indicado na cláusula sexta, a seguinte documentación:

- a) Memoria final explicativa das actividades desenvolvidas e dos obxectivos acadados segundo o recollido no proxecto IMPaCT-IC, segundo o modelo que se estableza.
- b) Declaración responsable doutras axudas.
- c) Relación de gastos asinada polo xerente ou director da Fundación.
- d) Documentación acreditativa da realización gastos, que consistirá en orixinais ou copias compulsadas da documentación acreditativa dos investimentos ou actuacións consistentes en nóminas e documentos da seguridade social, ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Para cada tipo de gasto deberá seguirse as normas remitidas polo Servizo Galego de Saúde.
- e) Documentación acreditativa de realización dos pagamentos, que consistirá en orixinal ou



copia compulsada da documentación bancaria dos pagamentos, ou documentos obtidos a través da banca electrónica. Presentarase xunto a cada documento de gasto o seu correspondente documento de pagamento ou o extracto bancario onde figure o cargo correspondente.

Non se admitirán os pagamentos en efectivo. No caso de que o importe reflectido no documento bancario non coincida co importe do documento de gasto (pagamento agrupado), deberase remitir o detalle dos pagamentos efectuados xunto cos documentos de gasto, onde se poida identificar o gasto en cuestión.

- f) Carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes, conforme ao establecido no artigo 48.2.g) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Transcorrido o prazo indicado sen que a FINIBIC presentase a documentación establecida, requirirase para que a presente no prazo improrrogable de dez días.

Así mesmo, recibida a documentación xustificativa da axuda, o Servizo Galego de Saúde poderá solicitar as aclaracións ou informes que considere oportunos a través do enderezo electrónico atencion.primaria@sergas.es, ao cal deberán dirixirse as respostas no prazo de dez días hábiles. No caso contrario solicitarase a documentación necesaria de acordo co establecido no parágrafo anterior.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da axuda e a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste parágrafo non eximirá á Fundación das sancións que, conforme a lei, correspondan.

A comisión de seguimento prevista na cláusula décimo sexta do presente convenio determinará e validará a realización das actividades e a súa xustificación en sesión ordinaria logo da recepción da documentación e poderá solicitar as aclaracións ou informes que considere oportunos.

O proxecto inclúe un 21% que corresponde a custos indirectos, que se calcula sobre o total dos custos directos que correspondense cos custos subvencionables reflectidos na cláusula oitava. Os custos indirectos non requiren xustificación e poden utilizarse nos conceptos que o Servizo Galego de Saúde e a fundación consideren necesarios.

Décima.- Natureza xurídica

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola Lei 9/2007, de 13 de xuño.



Ao tratarse dun convenio executado no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, serán de aplicación:

- Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello do 14 de decembro de 2020 polo que se establece un Instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19.
- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban as medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

As dúbidas que se poidan presentar sobre a súa interpretación resolveranse de mutuo acordo entre as partes pola Comisión de Seguimento. Non obstante, no caso de persistencia do desacordo, corresponderá á xurisdición contencioso administrativa resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir da súa interpretación e cumprimento.

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, o presente convenio de colaboración está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, de conformidade co previsto no artigo 4 da dita lei, aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Undécima.- Propiedade intelectual

En ningún caso as cláusulas do presente convenio supoñen a cesión ou transmisión de calquera dereito de propiedade intelectual ou industrial titularidade das partes.

Segundo o establecido no ***“Convenio entre o Consorcio Centro de Investigación Biomédica en Red (CIBER) e o Servicio Gallego de Salud no marco de proyectos de investigación orientados á implantación da Medicina Personalizada de Precisión, convocatoria de 2024, baixo o PERTE para a saúde de vangarda e no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia”*** asinado o 6 de febreiro de 2026, todos os dereitos derivados



dos resultados xerados na execución do convenio de colaboración e a participación nos mesmos repartiranse de conformidade co disposto na Lei 24/2015, do 24 de xullo, de Patentes e nos convenios polos que se establece o marco dentro do que se van desenvolver as relacións entre CIBER e o Servizo Galego de Saúde. Os mencionados dereitos de propiedade industrial ou intelectual regularanse mediante a sinatura dun contrato de cotitularidade entre las partes con cotitularidade.

Os dereitos derivados da execución deste convenio de colaboración, sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, serán de titularidade e uso común das partes que interveñen na formalización do presente convenio, sen que ningunha delas asuma a súa explotación ou uso exclusivo.

Os dereitos morais dos e das autores veranse sempre preservados.

Para o non previsto expresamente nesta cláusula aplicaranse con carácter supletorio as normas contidas no Real Decreto Legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual e na normativa de dereito da propiedade industrial.

Duodécima.- Protección de datos

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, ambas partes comprométense a gardar a mais estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan ser utilizados para usos diferentes aos previstos no mesmo, facendo constar de maneira expresa que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigacións subsistirán incluso despois de concluída a presente colaboración.

Décimo terceira.- Non exclusividade

Este convenio non limita as partes para establecer acordos de colaboración con outros terceiros, se fose necesario, para accións relacionadas co obxecto do mesmo.

Décimo cuarta.- Vixencia

O prazo de vixencia deste convenio vai dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026, podendo prorrogarse ata un máximo 5 anos.



Décimo quinta.- Réxime de modificación do convenio

De acordo co establecido no artigo 49 g). da lei 40/2015, do 1 de outubro, o convenio poderá ser modificado coa finalidade de, caso de ser necesario, adaptar os seus contidos e as obrigas das partes a efectos de poder realizar as actividades previstas para a consecución dos obxectivos establecidos. Igualmente, poderá ser modificado como consecuencia dos acordos que o Servizo Galego de Saúde e o CIBER poidan adoptar no marco da execución do convenio subscrito o 6 de febreiro de 2026, e que poidan repercutir no deseño ou modificación das actividades especificadas na cláusula segunda deste convenio.

Así mesmo, as modificacións poderán afectar ao volume das actuacións a desenvolver pola FINIBIC, ao seu prazo de execución ou á súa financiación.

Todas as alteracións nas actividades subvencionadas a realizar deberán ser obxecto de autorización polo Servizo Galego de Saúde e formalizárase mediante a correspondente addenda ao presente convenio.

Décimo sexta.- Comisión de seguimento

No caso de dúbidas ou desavinzas na interpretación deste convenio, calquera das partes asinantes poderá instar a constitución da Comisión de Seguimento, para dirimir as mesmas, que se reunirá a instancia de calquera delas e que estará formada polos seguintes representantes:

Polo Servizo Galego de Saúde: O investigador Principal (IP) do proxecto na Comunidade Autónoma ou persoa en quen delegue e un técnico que participe na xestión do proxecto.

Pola FINIBIC: A persoa que asine o convenio ou persoa en quen delegue e un técnico que participe na xestión do proxecto.

O (IP) actuará como presidente da comisión e ostentará o voto de calidade en caso de empate.

Son funcións da comisión de seguimento:

- I. Velar polo cumprimento das accións do proxecto IMPACT-IC segundo o protocolo establecido.
- II. O seguimento do desenvolvemento e aplicación do presente convenio e das actividades realizadas, así como a adopción de decisións sobre os mesmos.
- III. A coordinación das accións de apoio á protección, valorización e transferencia, e o desenvolvemento dos medios adecuados para a súa implementación, de ser preciso.
- IV. A resolución daquelas dúbidas que puideran xurdir no cumprimento, execución ou interpretación deste Convenio.



V. A proposta de modificación do Convenio.

Décimo sétima.- Causas de resolución

Poderá dar lugar á resolución do Convenio:

- I. A introdución de modificacións nas actuacións a desenvolver do proxecto IMPACT-IC, sen xustificación e sen previa autorización escrita do Servizo Galego de Saúde.
- II. O incumprimento das cláusulas do convenio (total ou parcialmente), que a cada parte lle corresponden.
- III. O acordo expreso e por escrito das institucións asinantes.

Décimo oitava.- Inexistencia de relación contractual

A subscrición deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre o Servizo Galego de Saúde e os/as profesionais que realicen as actividades que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán exixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

Décimo novena.- Fraude, corrupción e conflito de intereses

En cumprimento do establecido no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, estableceranse mecanismos para a prevención, detección, corrección e persecución da fraude, a corrupción e o conflito de interese.

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade, en relación con actuacións financiadas total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco deste convenio, poderá poñer os devanditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da canle habilitada na web:

<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>

Así mesmo, a Xunta de Galicia pon ao dispor da cidadanía unha canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude, que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención a Cidadanía (SIACI).

A ligazón á canle de denuncias é a seguinte:

<https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>

Estas canles garanten o anonimato da persoa denunciante.



Será de obrigatoria aplicación ao convenio o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia e o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude do Servicio Galego de Saúde - SERGAS que se atopen vixentes e dispoñibles na seguinte ligazón:

<https://transparencia.xunta.gal/es/integridade-institucional/plans-antifraude>

Ao tratarse dun convenio con beneficiario determinado xa coñecido aplícase o réxime xeral de conflito de interese da Orde HFP 1030/2021.

Non obstante, os procedementos de adxudicación de contratos e de concesión de subvencións, que se poidan levar a cabo en virtude deste convenio, estarán sometidos á análise sistemática do risco de conflito de interese que regulan a DA 112ª da Lei 31/2022, do 23 de decembro, e a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro. Os pregos de contratación e a normativa reguladora da subvención vencellados ao PRTR deberán recoller unha cláusula do seguinte teor:

"ANÁLISE SISTEMÁTICA DO RISCO DE CONFLITO DE INTERESE NOS PROCEDEMENTOS DE CONTRATACIÓN/SUBVENCIÓN QUE EXECUTAN O PRTR

Este procedemento de contratación/subvención está suxeito a análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese prevista na disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, do 23 de decembro, e na Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

De acordo co establecido no artigo 7 da Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, o órgano de contratación (ou órgano competente para a concesión da subvención) poderá solicitar aos licitadores (ou solicitantes da axuda) a información da súa titularidade real cando a AEAT non dispoña desa información e así o indicase mediante a correspondente bandeira negra, tendo en conta a análise realizada a través de MINERVA. Este suposto non implicará a suspensión automática do procedemento en curso, pero a dita información deberá aportarse ao órgano de contratación (ou ao órgano que concede) no prazo de 5 días hábiles desde que se formule a solicitude de información. A falta desta información no prazo sinalado será motivo de exclusión do procedemento.

Os datos, unha vez recibidos, serán adecuadamente custodiados de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A través do MINERVA, o responsable de operación levará a cabo un novo control ex ante do risco de conflito de interese, indicando, en lugar do licitador (ou solicitante da axuda), os titulares reais recuperados polo órgano competente para a contratación (ou polo órgano competente para a concesión da subvención)."



Segundo establece o artigo 22.2e) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, os perceptores finais dos fondos desembolsados e todas as demais persoas ou entidades que interveñan na súa aplicación están sometidas ás actuacións de control que poida exercer a Comisión Europea, a Oficina Europea de Loita contra a fraude (OLAF), o Tribunal de Contas Europeo e, cando cumpra, á Fiscalía Europea.

Vixésima.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E, para que así conste, asinan o presente convenio de colaboración no lugar expresado no encabezamento.

Polo Servizo Galego de Saúde

Pola Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC,

Asdo.: Antonio Gómez Caamaño

Asdo.: Luis Verde Remeseiro

